

**DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2024**

# Viaxe polo metaverso con Luísa Villalta

Guía  
didáctica

AUTOR: CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL A CARBALLEIRA-MARCOS VALCÁRCEL (OURENSE)

**XUNTA  
DE GALICIA**

Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Secretaría Xeral de Política Lingüística

CIFP A Carballeira – Marcos Valcárcel

Imprime: Xoán Carlos Portos

Santiago de Compostela, 2024

Depósito legal: C 318-2024

**Imaxes:**

Arquivo familiar

Blanca Silva

**Autoría:**

Fortes Pintos, Nuria Regina (coordinadora)

Cabanelas Rouco, Carina

Docampo Gómez, Lurdes

Fernández Fernández, Daniel

Gómez Justo, Natalia

Insua Rial, Ángel

Lorenzo González-Viso, Carlos

Otero Fernández, Mary Sol

Outomuro Rodríguez, Marta

Sánchez Gómez, María

Consuelo

Alumnado de 1º e 2º curso de FP Básica de Informática

Alumnado de 1º e 2º curso do ciclo formativo de grao superior (CFGS) de Administración de Sistemas Informáticos en Rede

Alumnado de 1º curso do CFGS de Desenvolvemento de Aplicacións Web

Alumnado de 1º e 2º curso do CFGS de Administración de Sistemas Informáticos en Rede

Alumnado de 2º curso do CFGS de Química e Saúde Ambiental

Alumnado de 2º curso do CFGS de Hixiene Bucodental

Alumnado de 2º curso do ciclo formativo de grao medio (CFGM) de Farmacia e Parafarmacia

Alumnado de 2º curso do CFGS de Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico

**Agradecementos:**

A todo o alumnado do CIFP A Carballeira – Marcos Valcárcel de Ourense que traballou para que este proxecto se realizase.

Especial mención para Juan Nieto González, Víctor Manuel Alonso Lomba e Carlos González Durán polo seu apoio e asesoramento.

## ÍNDICE

Presentación	5
O Metaverso	6
Biografía	7
1 Rumbo á biografía: "Mírame, mírate, mírame en ti e escólleme para soñarte"	10
2 Rumbo á poesía: "Eis a poesía... un camiño ao coñecimento"	12
3 Rumbo á prosa: "Eu xa non teño memoria do silencio puro, o silencio que sobresalta"	14
4 Rumbo ao teatro: "Sempre o teatro á procura da verdade"	16
5 Rumbo ao ensaio: "Emigrar é non perder nunca de vista a posibilidade do retorno"	18
6 Rumbo á música: "Eis a música, que brota como o río da existencia"	20
7 Rumbo á docencia: "A nena que aínda teño de chegar a ser"	23
8 Rumbo ao feminismo: "A inmensidade do espazo que temos para voar"	26
9 Rumbo ao activismo social: "Escoito a voz que me silencia: comezo a expresar o necesario"	29
10 Rumbo aos méritos: "Non me abandono e formo parte"	31
Bibliografía e Webgrafía	34



## PRESENTACIÓN

A designación de Luís Villalta Gómez como homenaxeada no Día das Letras Galegas 2024 foi o aliciente para que o equipo do CIFP A Carballeira - Marcos Valcárcel se decidise a contribuír co seu coñecemento e folgos para dar a coñecer esta escritora, docente, música, intelectual e activista entre a mocidade.

Tanto nesta guía didáctica como nos carteis quixemos ser fieis á vida, obra e principios de Luís Villalta, unha autora na que predomina o rigor, o pensamento apaixonado e o compromiso social e que definiu o verdadeiro triunfo das mulleres na literatura cando se deixa a un lado a compaixón e, coas súas propias palabras, "cando se mira ao ceo e se ve nel a inmensidáde do espazo que temos para voar".

O traballo que aquí presentamos ten como obxectivo primordial facer xermolar a curiosidade e a investigación do alumnado nesta apaixonante viaxe polo inmenso ceo que Luís Villalta percorreu a través dos diferentes xéneros, nos que se desenvolveu con mestría e paixón.

Presentamos actividades e recursos dinámicos, visuais e próximos á mocidade, adaptados a todo tipo de necesidades, tanto en formato papel como dixital a través do metaverso, accesible mediante o ordenador ou os dispositivos móbiles.

Intentamos en todo momento ser fieis á filosofía da nosa autora e por iso os carteis representan o seu legado a Galicia nesta viaxe que realizamos xuntos pola súa obra e a súa Coruña natal. A exposición e mais a unidade didáctica tratan de conxugar modernidade e tradición, en consonancia coa interdisciplinariedade e contemporaneidade das súas creacións. Esperamos que este material poida ser de utilidade para quen o reciba e que a mocidade chegue a coñecer a valiosa heranza que a poeta da Cidade Alta nos legou.



## O METAVERSO

No metaverso aparecen os recursos e actividades interactivas desta guía e os carteis da exposición para que o alumnado poida acceder a eles dunha forma dinámica e interactiva.

Ao metaverso pódese acceder a través da ligazón ou do código QR, tanto desde o computador como desde o móvil, ou utilizando as lentes de realidade virtual. Se accedemos a través do computador, podemos facelo como usuario invitado ou rexistrado. Se preferimos acceder a través do móvil, será necesario que descarguemos a aplicación no noso dispositivo, que nos rexistremos cunha conta de usuario e que vinculemos un correo electrónico a ela.

Unha vez que estamos dentro do metaverso, créase un avatar tridimensional que podemos personalizar con calquera dos personaxes de Spatial ou a partir dunha foto.

Cada sala está asociada a un cartel segundo a súa orde. Podemos entrar nela a través da ligazón, do código QR ou do portal que hai na sala anterior. Hai cinco salas por cartel e cada unha delas admite 50 persoas á vez. Se todas estivesen ocupadas, abrirase lista de espera.

### Que podemos facer no metaverso?

Unha vez dentro da sala, veremos diferentes cadros con imaxes, vídeos e *escape rooms*. Para acceder ás ligazóns destes recursos e á súa descripción temos que premer na lupa que aparece na parte superior dereita ou na nota informativa que hai ao lado de cada un dos cadros. Unha vez que premamos na ligazón, preguntarános se queremos deixar o metaverso para acceder ao contenido e dirémoslle que si. Para regresar ao metaverso só temos que premer na tecla de retorno na páxina do computador (parte superior esquerda) ou no móvil.





## BIOGRAFÍA

Bo día, benqueridas amigas e amigos! Son o avatar no metaverso de Luísa Villalta e vouvos acompañar nesta viaxe pola miña vida e obra. Nacín na Coruña, a cidade na que residín toda a miña vida e que foi a materia substancial da miña obra, o 15 de xullo de 1957. Fun a filla máis vella dunha familia de clase media. O meu pai, profesor mercantil, e a miña nai, formada en Comercio, inculcáronme a min e á miña irmá a afección pola música, e así foi como con oito anos comecei a formación no Conservatorio de Música da Coruña.

Estudei no colexio das Xosefinas da rúa Juan Flórez e no instituto Eusebio da Guarda. Desde nena apaixonoume a lectura.

Os primeiros anos da miña vida transcorreron entre xogos nos xardíns de Méndez Núñez debuxando, observando o mundo coa curiosidade dunha nena esperta e decidida nos meus propósitos, que daquela non eran outros que tocar o violín ou aprender a patinar en Riazor.

Licencieime en Filoloxía Hispánica e Filoloxía Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela e tamén fixen estudos superiores de Violín.

Amais, fun unha apaixonada dos idiomas e estudei inglés, francés, italiano e alemán.

Formei parte do grupo musical Escaino, da Orquestra de Santiago de Compostela e da Xove Orquestra de Galicia, así como de diversos grupos de cámara galegos.

En abril de 1978 casei con Paulino Martínez Pereiro, escritor, músico e profesor.

En 1988 aprobéi as oposicións de Lingua e Literatura Galegas. Impartín clases no IES Xosé Neira Vilas (Oleiros), no IES Canido (Ferrol) e no IES Isaac Díaz Pardo (Sada).

Por mor dunha meninxite, finei prematuramente o 6 de marzo de 2004, aos 46 anos de idade e os meus restos mortais descansan no cemiterio de Santo Amaro da cidade herculina. Escritores e poetas como Manuel María ou Manuel Rivas despedíronme nun acto laico con poemas e música de violín.

En 2018 a miña familia cedeu os meus fondos documentais ao Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

A miña obra abrangue todos os xéneros: poesía, teatro, novela e ensaio.

No eido poético publiquei os libros *Música reservada* (1991), no que empreguei o "soneto de sons que soan sendo"; *Ruído* (1995), onde describo a poesía como un ruído provocado; as cinco composicións de *Rota ao interior do ollo* (1995), coas que formei un caligrama en forma de ollo; e *En concreto* (2004). A cidade herculina foi o tema central deste libro, no que lles dedico versos ao meu barrio natal da Falperra, aos xardíns de Méndez Núñez onde de cativa

xogaba coa miña irmá, á Torre de Hércules ou á praza de María Pita co Palacio Municipal. Con el gañei o Premio Espiral Maior de Poesía. Tamén retratei lugares xa desaparecidos da Coruña e algunhas das xentes que os habitaron nos versos de *Papagaio* (2006), peza singular elaborada en colaboración con Maribel Longueira. Na obra *Pensar é escuro* recóllese case toda a poesía que realicei entre 1991 e 2004.



O meu primeiro texto narrativo foi o conto "A taberna do holandés" (1990), co que lograría o accésit do Premio Modesto R. Figueiredo. Un ano despois chegaría o conxunto de relatos *Silencio, ensaiamos* (1991), no que retrato once historias de temática e finalidade moi diversas nas que a música é un dos eixes principais.

Seguiulles a novela *Teoría de xogos* (1997): nela describo as relacións e vivencias íntimas de cinco personaxes que comparten o lugar de traballo. E en *As chaves do tempo* (2001) alterno temas como a liberdade, a lealdade ou o amor nunha Galicia medieval imaxinaria.

Para o teatro elaborei varias pezas: *Concerto para un home só* (1989), un monólogo no que mesturo o teatro do absurdo coa miña paixón pola música; *O representante* (1990), que recolle o desdobramento da personalidade do protagonista nun intento de fuxir da monotonía e a rutina que rodea a súa existencia; *O paseo das esfinxes* (1991), no que combino o teatro poético contemporáneo co drama clásico; *As certezas de Ofelia* (1999), unha achega ao mundo shakesperiano para retratar a corrupción moral, a traición, a hipocrisia ou a fidelidade; e, finalmente, *Os doces anos da guerra* (2001), no que se reflictan as sombras da sociedade da transición e da sociedade capitalista contemporánea.

Amais disto, traducín o ensaio *Manifesto por un novo teatro* de Pier Paolo Pasolini e a comedia en prosa *A mandrágora* de Nicolás Maquiavelo.

Outro eido no que se percibe o meu pensamento foi o ensaio. Na obra *O Don Hamlet de Cunqueiro: Unha ecuación teatral* (1992) fixen unha análise do texto e o xogo de identidades co que traballou o escritor mindoniense, un referente para mim. Con *O outro lado da música, a poesía* (1999) quisen poñer de manifesto como estas dúas formas de expresión humana van da man na historia da literatura galega.

Colaborei cos meus ensaios en publicacións diversas como *Man Común, A Nosa Terra, Festa da Palabra Silenciada, Tempos Novos, Grial, Luzes de Galiza, Agália ou A Trabe de Ouro*.

Nos artigos que publiquei entre 2002 e 2004 no semanario *A Nosa Terra* afondei en temas de repercusión social e política. Moitos deles están recollidos no *Libro das columnas* (2005).

Por outra parte, fun membro da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e da Mesa pola Normalización Lingüística e asistín a reunións a prol dun acordo ortográfico.

Ademais, participei de forma activa en actos, recitais poéticos, mesas redondas, debates e pronunciamentos públicos en favor da defensa e consolidación da lingua e a cultura galegas como expresións propias de Galicia. Tamén erguín a miña voz nas mobilizacións contra o conflito palestino-israelí, a guerra de Iraq e o afundimento do Prestige, e formei parte do Foro Negro da Cultura. Sempre defendín a liberdade de expresión e de pensamento.

**Tras o silenciamiento da miña voz, sucedérонse as homenaxes e recoñecementos:**



- A Universidade da Coruña creou o Premio Luísa Villalba a Iniciativas Normalizadoras.
- A Deputación da Coruña creou o Premio Luísa Villalba a Proxectos pola Igualdade.
- O instituto Isaac Díaz Pardo de Sada, o meu derradeiro destino como docente, dedicoume un número da súa revista e púxolle o meu nome á súa biblioteca.
- O meu alumnado colaborou no documental *Luísa Villalba. Paixón e compromiso*.
- O Centro Ramón Piñeiro, que custodia o meu legado, homenaxeoume coas xornadas *Palabra de Muller*.
- En 2022 fun a homenaxeada no Día das Galegas nas Letras polo colectivo A Segá.
- En xuño de 2023 a Real Academia Galega acordou dedicarme o Día das Letras Galegas do ano 2024.
- Unha rúa da cidade da Coruña leva o meu nome.




# 1 Rumbo á biografía: "Mírame, mírate, mírame en ti e escólleme para soñarte"



No cartel 1 sobre a biografía de Luís Villalta descubrirás os trazos más relevantes da súa traxectoria persoal e profesional, os seus estudos, a súa escrita e o seu activismo a prol da lingua e cultura galegas.

📍 **Visita o metaverso** do cartel 1, no que terás máis información sobre a vida e obra da autora, con imaxes e vídeos, xunto cunha andaina polos lugares más significativos para ela e unha *escape room*: <https://www.spatial.io/s/Biografia-Luisa-Villalta-Cartel-1-65a3c9b1c7c93d76b4611b6f?share=773708432323367712>



Sala 1



Sala 2



Sala 3



Sala 4



Sala 5

📍 **Escape room da biografía de Villalta**, que atoparás no metaverso ou nesta ligazón: <https://view.genial.ly/65a73ac257f3da001485ca7c/interactive-content-1-biografia-Luisa-Villalta>




📍 **Deseña un marcapáxinas** no que representes algúns aspectos importantes da vida de Luisa Villalta. Procura a información necesaria e logo recóllea, con algunha imaxe, nunha cartolina ou no teu caderno. Tamén podes empregar a ferramenta dixital Canva.

📍 **Banda deseñada** sobre Luisa Villalta: En pequenos grupos elaborade unha ou varias viñetas en forma de cómic con trazos relevantes sobre a vida da autora. Podedes empregar cartolinas que despois colocaredes por orde cronolóxica nalgún lugar da aula como un gran mural. Finalmente cada grupo exporá o seu traballo ante a clase.

**Andaina Luísia Villalta:** Localiza en Google as coordenadas dos lugares que se indican a continuación (son espazos aos que Luísia lles dedicou algún poema). Logo, colócaas tras eles e vincúlaas aos números que aparecen no mapa.

- 1 Estación de San Cristovo: "A Estación", *En concreto*
- 2 Xardíns de Méndez Núñez: "Os xardíns", *Pensar é escuro*
- 3 Obelisco: "Obelisco", *En concreto*
- 4 Castelo de San Antón, "Torre das Áimas", *En concreto*
- 5 Porta de Ares, "Poema da Cidade Alta", *En concreto*
- 6 Praza de María Pita: "Palacio Municipal", *En concreto*
- 7 Mercado de San Agustín: "A Cidade Antiga", *En concreto*
- 8 Rúas de San Roque e Panadeiras: poemas de *Papagaio*
- 9 Rúa Adelaida Muro: poemas de *Papagaio*
- 10 Rosa dos Ventos: "Norte", "Leste", "Oeste", *En concreto*



Procura de algún destes poemas de Villalta. Lédeos antes de iniciardes unha andaina pola cidade da Coruña. Tamén se pode realizar de xeito virtual a través do metaverso.

Para demostrarde a vosa visita, debedes tirar unha fotografía do lugar que máis vos gustou ou facer unha captura de pantalla, no caso de que esta sexa virtual no metaverso.

**Liña do tempo:** Le a información sobre a biografía de Luísia Villalta e deseña unha liña do tempo na que recollas os aspectos más sobranceiros.


**Encrucillado:** Resolve este xogo sobre a vida da autora.

#### Horizontais:

- 3 Lingua románica falada no Canadá e que estudiou Villalta.
- 6 Instrumento musical no que se titulou.
- 7 Nome do colexio no que cursou estudos primarios.
- 10 Vila na que se sitúa o instituto Xosé Neira Vilas.

#### Verticais:

- 1 Cidade natal de Luísia Villalta.
- 2 Lingua xermánica falada no Canadá e que Luísia estudiou.
- 3 Estudios universitarios nos que se licenciou. 5 Profesión que exerceu.
- 7 Mes de nacemento da autora.
- 9 Vila na que se sitúa o derradeiro instituto no que impartiou docencia.
- 10 Vila na que se sitúa o instituto Xosé Neira Vilas.



## 2 Rumbo á poesía: "Eis a poesía..., un camiño ao coñecimento"



A poesía de Luís Villalta caracterizouse pola súa sonoridade, a construción conceptual e a funcionalidade para abordar unha temática moi variada, na que destaca o paso do tempo, o amor e o desamor, a identidade ou a liberdade.

📍 **Visita o metaverso** do cartel 2, onde atoparás fragmentos da súa obra poética, imaxes e vídeos, e realiza as actividades interactivas propostas: <https://www.spatial.io/s/Poesia-Luís-Villalta-Cartel-2-65a3cfddf9baafb848309650?share=64609814521306187>



Sala 1



Sala 2



Sala 3



Sala 4



Sala 5

📍 **Escape room da poesía de Villalta**, que atoparás no metaverso ou nesta ligazón: <https://view.genial.ly/65a73dec57f3da001486455e/interactive-content-poetica-luisa-villalta>




### 📍 **Caligrama de "Torre-Reto":**

Escoita a versión do poema de Villalta "Torre-Reto" realizada polo artista Manoele: [https://www.youtube.com/watch?v=6-SoS9DquV&ab\\_channel=Artesonproduci%C3%B3ns](https://www.youtube.com/watch?v=6-SoS9DquV&ab_channel=Artesonproduci%C3%B3ns)

Logo completa os ocos da ilustración coas palabras que faltan.

Este poema de Luís é un caligrama, isto é, unha composición poética en que as palabras forman un debuxo relacionado co contido. Fai un caligrama sobre un edificio ou obxecto emblemático do lugar en que resides ou naciches.




♪ **O cadrado Sator** está composto por cinco palabras latinas que forman un multipalíndromo. A partir delas Luísa Villalta elaborou cinco poemas que constitúen a obra *Rota ao interior do ollo*. Os seus versos acabaron por se converter nun caligrama, un poema visual con forma de ollo.

Procura en Internet as palabras latinas do cadrado Sator e completa a táboa da esquerda.

Na seguinte ligazón tes as definicións destes latinismos:

[www.educima.com/hiddenwords/cadrado\\_sator-c79e2dd4609e82a5e7f175c0a59a72b8](http://www.educima.com/hiddenwords/cadrado_sator-c79e2dd4609e82a5e7f175c0a59a72b8)



Se indagas na rede, descubrirás que hai algúns monumentos que teñen este cadrado nas súas fachadas. Comentade oralmente na aula cal credes que pode ser o seu significado.

♪ **"Cantemos"**: Escoita o poema "Cantemos" e escribe nos ocos as palabras que faltan:  
<https://youtu.be/KRzJDE1Og1M?si=hghBqUYyJBM8zweN>

Logo de completalo, identifica nel algunas figuras retóricas empregadas pola nosa autora para darlle maior sonoridade e beleza.

Cantemos os e_____ melismas do tempo onde fica, entre curvas s_____, o s_____ atesourado e a propia s_____, s_____ postergado	de nós, que nos persegue como a un ideal que cumpliremos na l_____ e na súa e_____ agradecida.
--	---

♪ **Portugal irmán**: Luísa Villalta foi unha apaixonada da cultura do país veciño, Portugal. Velaquí o "Poema da Cidade Alta", traducido para o portugués. Vólveo ao galego e compara ambos.

Meu nome é o da Cidade Alta, nascido onde a luz e o mar se están a originar mutuamente nasci em frente de mim própria, quando a Pescadaria era un leito de sereias e a serpe demorada na voz dos meus avós vento dos ventos...
---

♪ **Non abonda coa palabra recitada**: A afeción de Luísa polas lingua foi notable. Velaquí un dos seus poemas traducido ao inglés, "The spoken word isn't enough". Vólveo ao galego e comproba a sonoridade en ambas as lingua. Cal ten más beleza? Conserva a súa esencia?

"The spoken word isn't enough to close the book of memory, in the end something always goes unnoticed as if read on a page that is sealed."
--


A word isn't a written thing, it's dreamed inside the dream of sound, colorless among the colors of meaning, an accessory like indispensable absence and nothingness"
--

### 3 Rumbo á prosa: "Eu xa non teño memoria do silencio puro, o silencio que sobresalta"



No cartel 3 están condensados os títulos e trazos más significativos do xénero narrativo cultivado por Luísa Villalta, no que alterna a temática fantástica coa realista pola que discorren personaxes con vivencias marcadas polo amor e o desamor, a liberdade ou o destino, sen abandonar a marcada presenza do feminismo e da música.

📍 **Visita o metaverso** do cartel 3, no que dispóns de fragmentos da súa narrativa, imaxes, vídeos e actividades interactivas: <https://www.spatial.io/s/Prosa-Luís-Villalta-Cartel-3-65a3fce7c7c93d76b4612fcb?share=5329105241166263044>



Sala 1



Sala 2



Sala 3



Sala 4



Sala 5

📍 **Escape room da prosa de Villalta**, que atoparás no metaverso ou nesta ligazón: <https://view.genial.ly/65a7408457f3da001486a6e8/interactive-content-prosa-Luís-Villalta>



📍 **A meteoroloxía e a literatura:** A nosa literatura reflicte a cultura e sabedoría popular e por iso a análise dos seus textos constitúe un recurso didáctico para a nosa aprendizaxe.

1 Velaquí un fragmento da novela *Teoría de xogos*, de Luísa Villalta. Completa os ocos con estas palabras, das que hai unha que sobra: verán, vaga, choutos, inverno, ola, chuviñenta.

O \_\_\_\_\_ avanzaba. Nunha terra \_\_\_\_\_ como esta nótanse perfectamente os pequenos \_\_\_\_\_ que dá o ano cando, de pronto, un día amanece especialmente soleado como anuncio dun remanso, para chover despois dunha tempada, logo outra de calor e, semana tras semana, pouco a pouco nos vai levando ao \_\_\_. Son como portas que se abren no ar e, nunha desas, aparecen as mesmas rúas de sempre más espidas e directas, por así dicir, en mangas de camisa. Ao sairmos da oficina, a calor chegaba a ser, por veces, imprevisto e molesto.

2 Indica a diferenza entre tempo e clima. En que parte do texto se fala de cada un deles?

3 Un climograma é un gráfico no que se representan as temperaturas e as precipitacións dun lugar, normalmente ao longo dun ano. Realiza un climograma da túa cidade ou vila.

☞ **A economía e a literatura:** En moitas ocasións, a literatura pode axudar a entender a realidade económica e social da época na que se produce. Coas palabras que aparecen na táboa completa o seguinte texto de Luísa Villalta extraído da novela *As chaves do tempo*.

No tempo en que había reis na Galiza, houbo un que tivo fama de nobre, xusto e de bo corazón. Durante o seu reinado nada faltou ás xentes, nin o millo, nin o peixe, nin o gando. As vilas eran pequenas, pero todas elas ben diferentes. Se en \_\_\_\_\_ había pan, en \_\_\_\_\_ queixos e leite, en \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_ peixe a manchea, en \_\_\_\_\_ os artesáns cantos se quixer, e na \_\_\_\_\_ comerciantes que vendían e compraban, ademais de facer beneficiosos tratos cos outros países de alén do mar. Este rei chamouse Arturo, en honra de outro que disque fora seu parente entregó.

Muros	A Coruña	Vigo	Carbal	Santiago	Cambre
-------	----------	------	--------	----------	--------

1 En pequenos grupos, consultade as actividades económicas que se mencionan no texto no portal educativo do Instituto Galego de Estatística (IGE):

<https://www.ige.gal/estatico/educacion/Economia/Sectores/Teoria.htm#industria1>

Clasificádeas segundo o sector ao que pertencen e recompilade os datos sobre a porcentaxe de poboación ocupada neses sectores e a súa localización xeográfica.

2 Comparade os resultados obtidos do IGE coa situación que describe Luísa Villalta para a Galicia medieval. Facede un debate e comprobade as vosas coincidencias.

☞ **A ciencia e a literatura:** As interaccións entre literatura e ciencia son moi diversas e cambiantes ao longo da historia. Poderíase dicir que a ciencia busca explicar os fenómenos naturais mentres que parte da literatura pretende darles significado. Neste fragmento do artigo "Desperta do teu soño", de Luísa, podemos observar esa interacción.

O sono tamén cansa e asusta. O corpo ensaia unha caste de desprendimento e asemade empéñase nunha última reacción revoltada ante o simulacro da morte. A axitación anúnciame que estou a punto de espertar, mais eu procuro demorarme neste lusco-fusco da vida para poder dar fe dun soño consciente de que o é e que diariamente me convoca a outra dimensión, onde podo perceber como se van achegando, outravolta silenciosos, os antepasados, para copiaren do vivido unha nova páxina no libro do destino.

1 Que significado ten para ti a expresión "o sono tamén cansa e asusta"?

2 Cando é máis activo o cerebro, mentres durmimos ou cando estamos espertos?

3 Como interpretas estas palabras de Villalta: "a axitación anúnciame que estou a punto de espertar, mais eu procuro demorarme neste lusco-fusco da vida para poder dar fe dun soño consciente". Cres que poden ter algunha base científica?

4 Procura en Internet que pasa no noso cerebro mentres durmimos e cantas fases do sono hai. Logo fai unha exposición coa información obtida e cita a fonte na que te baseaches.

#### 4 Rumbo ao teatro: "Sempre o teatro á procura da verdade"



No cartel 4 podes facer un percorrido pola obra dramática de Luís Villalta, un xénero no que traballou con paixón e no que plasmou os seus coñecementos como filóloga e a súa afección musical.

Visita o metaverso do cartel 4 para acceder á obra teatral de Villalta, con imaxes, vídeos e actividades interactivas: <https://www.spatial.io/s/Teatro-Luís-Villalta-Cartel-4-65a4017cc7c93d76b4613254?share=9059844077543025302>



Sala 1



Sala 2



Sala 3



Sala 4



Sala 5

5 Visita o **Escape room do teatro de Villalta**, que atoparás no metaverso ou nesta ligazón: <https://view.genial.ly/65a6ea6658a68e00154499d8/interactive-content-teatro-Luís-Villalta-cartel-4>



Imos ao teatro: Visualiza o vídeo *Concerto para un home só*, ópera prima de Luís Villalta, e a seguir completa coas palabras do cadro este fragmento extraído da peza teatral (min 1:40 - 2:40): <https://youtu.be/vFxWoulux4?feature=shared>

Houbo momentos en que pareceume palpar a g\_\_ coas xemas dos meus d\_\_. Eu tocaba, como dicer?, como deixándome levar, coma se perdese a vontade. Pero sen embargo cada n\_\_, cada silencio saía sempre segundo o esperado. Non era perfeito, non, a p\_\_\_\_\_ é algo imposíbel, por tanto, non conta. Pero non sei, era como se un a\_ou un d\_\_\_\_\_ou algo por riba miña me rozara coas súas mans. Tocaba para el sen medo, sen saber se era v\_\_ou produto da miña imaxinación. Ata que un día encontreino, mirámonos, e por fin tiven o recordo máis a\_\_. Vin esa l\_, esa primeira l\_\_que nos leva a nacer, e á que nunca chegamos e nunca podemos volver.

anxo	luz	perfección	gloria	antigo	dedos	nota	demonio	verdade
------	-----	------------	--------	--------	-------	------	---------	---------

1 Segundo se pode deducir do texto, cal é a relación que une a personaxe coa música?

2 Describe en cinco ou seis liñas o que sentía a personaxe cando tocaba.

♪ **Representando a biografía de Luís Villalta:** En pequenos grupos, recollede información para elaborardes un diálogo que se centre nalgún período da biografía da autora e logo representádeo ante o resto das compañeiras e compañeiros. Terán que adiviñar de que escena da súa vida se trata.

♪ **Cada ovella coa súa parella:** Despois de observares o cartel 4, emparella as seguintes obras de teatro de Luís coa súa temática.

1 *Os doces anos da guerra*

a) Música e teatro do absurdo

2 *O paseo das esfinxes*

b) Teatro poético e drama clásico

3 *Concerto para un home só*

c) Corrupción moral

4 *O representante*

d) A Transición e o capitalismo

5 *As certezas de Ofelia*

e) Desdobramento da personalidade

♪ **Encrucillado:** A partir das definicións, resolve este xogo sobre o teatro.

1 Cada unha das pezas da decoración superior dun escenario teatral e que consiste en teas ou papeis pintados.

2 Actor de teatro na antiga Roma.

3 Parte más elevada dun teatro que ten as localidades más baratas.

4 Obra protagonizada polo arlequín.

5 Parte do teatro onde se fan as representacións.


6 Mecanismo teatral de efectos especiais.

7 Pessoas contratadas para aplaudir.

8 Obra de teatro de carácter serio pero con elementos realistas e cómicos.

9 Asento brando, con brazos e respaldo, para unha soa persoa.

10 Drama musical cantado, que pode incluír parte recitada con orquestra e coros.



## 5 Rumbo ao ensaio: "Emigrar é non perder nunca de vista a posibilidade do retorno"



No cartel 5 recóllese unha parte da obra ensaística de Luísa Villalta, na que reflectiu as súas preocupacións sociais e políticas, evidenciou a apatía da sociedade capitalista do momento, defendeu a lingua e cultura galegas, amosou o seu pensamento feminista e analizou a música como arte.

Visita o metaverso do cartel 5 para acceder a fragmentos da obra ensaística, imaxes, vídeos, podcasts e actividades interactivas: <https://www.spatial.io/s/Ensaio-Luís-Villalta-Cartel-5-65a3fd14c7c93d76b4612fe2?share=8665758816088468474>



Sala 1



Sala 2



Sala 3



Sala 4



Sala 5

Visita o escape room do ensaio de Villalta, que atoparás no metaverso ou nesta ligazón: <https://view.genial.ly/65a741fc57f3da001486d882/interactive-content-ensaio-Luís-Villalta>



Reconstruíndo a historia: O seguinte fragmento pertence ao artigo "Quen terma de quen", publicado en *A Nosa Terra*. Nel Luísa Villalta realza a figura de Antón Avilés de Taramancos, un escritor a quen ela admiraba. Logo de lelo, responde as preguntas.

Se toda a nosa historia fose así un construír, máis que un acumular, fragmentar e derrubar; se cada unha das nosas actuacións fosen un continuo cimentar más que un utilizar e desgastar, gozaríamos da vida nun país de si mesmo, acolledor, criativo e orgulloso. Mais para iso teríamos que dar completamente a volta á maneira de entender e recoñecer tanto o presente como a nosa historia.

- 1 Procura algúñ feito histórico que poida ser referente para a expresión "fragmentar e derrubar" a nosa historia e argumenta a túa escolla.
- 2 Abride un debate na aula para reflexionardes sobre como credes que se transmite a historia a través da educación e dos medios de comunicación.
- 3 A que cres que se refire Luísa cando fala da necesidade de lle "dar completamente a volta á maneira de entender e recoñecer tanto o presente como a nosa historia"?

✍ **A defensa da liberdade:** Luísa Villalta foi unha fervente defensora da liberdade. Le este texto extraído do artigo "Liberdades", escrito por ela para *A Nosa Terra*, e responde as seguintes preguntas.

Segundo o manifesto fundacional de Esculca, a sociedade galega parece pasiva ou indiferente a este proceso de restrición das liberdades cívicas. E digo eu que, para ter noción e aprecio pola liberdade, hai que tela disfrutado nalgún momento, por breve ou ensoñado que fose. A sociedade galega é como unha planta que medra por onde a deixan, irregularmente, adaptándose ao terreo, ás especies invasivas e, cando unha galla se ve impedida ou dificultada, desvíase, que é como dicer, é libre de coller a maleta e marchar, ás Canarias, por exemplo, onde seica os empresarios galegos teñen intereses. Esculquemos, pois, pero inculquemos tamén.

- 1 Procura en Internet que é Esculca. Podes atopar información en <https://esculca.gal/>
- 2 Resume en dúas ou tres liñas a idea central do fragmento.
- 3 Que características da sociedade galega se poñen de manifesto no texto?
- 4 Estás de acordo coa descripción da sociedade galega que fai Luísa neste ensaio?
- 5 Cres que a situación que se representa segue a reproducirse dalgún xeito na actualidade?

✍ **Publicacións:** Como podes ver no cartel 5, a nosa autora colaborou en numerosas publicacións cos seus ensaios. Identifica en cales non participou:

<i>A Nosa Terra</i>	<i>Tempos Mozos</i>	<i>Grial</i>	<i>Luzes de Galiza</i>	<i>Man Común</i>
<i>A Trabe de Ouro</i>	<i>Página Abierta</i>	<i>Marca</i>	<i>Boletín Galego de Literatura</i>	<i>Diario AS</i>
<i>Tempos Novos</i>	<i>Revista AEND</i>	<i>Agália</i>	<i>Festa da Palabra Silenciada</i>	<i>Multi-Ensaios</i>

## 6 Rumbo á música: "Eis a música, que brota como o río da existencia"



A paixón pola música de Luís Villalta deixou unha gran pegada na súa traxectoria persoal e profesional. Foi titulada superior en Violín e formou parte do grupo musical Escaino e logo da Orquestra de Santiago de Compostela e da Xove Orquestra de Galicia. No cartel 6 podes obter máis información sobre a transcendencia que esta arte tivo para ela.

👉 **Visita o metaverso** do cartel 6 para acceder a vídeos e actividades interactivas relacionadas coa importancia da música na vida e obra da nosa autora:

<https://www.spatial.io/s/Musica-Luís-Villalta-Cartel-6->

[65a3cefcc7c93d76b4611d9b?share=7838360142539794708](https://www.spatial.io/s/Musica-Luís-Villalta-Cartel-6-65a3cefcc7c93d76b4611d9b?share=7838360142539794708)



Sala 1



Sala 2



Sala 3



Sala 4



Sala 5

👉 **Escape room da música de Villalta**, que atoparás no metaverso ou a través desta ligazón: <https://view.genial.ly/65a743c8e3d1130014acd026/interactive-content-musica-Luís-villalta>



👉 **Música e poesía**: Mira o documental *Música e poesía en Luís Villalta*, do Consello da Cultura Galega: <https://youtu.be/l-YE48MW1VQ?si=miXxGoxiRWvXSM7P>

Nel recóllese as reflexións das compañeiras e compañeiros de Villalta sobre a influencia da música na súa obra. Logo, responde estas cuestiós:

1 En que características da súa obra poética se pode apreciar a súa formación musical? (min 3:50 – 3:20)

2 Cal é a relación entre a música e a poesía nas obras *Música reservada*, *Ruído* e *En concreto*? (min 8:40 – 15:32)

♪ **Canción "Ruído"**: Visualiza este vídeo que fixo Paraíso Canto contra o espolio enerxético do monte galego, no que inclúe versos de Luís Villalba. Logo, responde as preguntas.  
<https://youtu.be/T9BWB2p-Fis?si=X42BgAZw1pS05KvH>

- 1 Cales son os elementos contra os que se loita cando se di: "nesta terra que adormece con contos de formigón"? (min 1:01)
- 2 Que se reivindica coa expresión "o país perde a memoria como a auga... Os nenos nacen xa sen paraíso"? (min 1:40)

♪ **A gaita**: Neste texto pertencente ao ensaio *O outro lado da música, a poesía*, Luisa escribe sobre a posible orixe deste instrumento tan propio da nosa sociedade. Le o texto e procura información na rede para responder as seguintes cuestións.

A gaita resulta ser un instrumento importado, talvez xa traído polos suevos no século V, a teor da probábel etimoloxía da palabra que se remontaría a 'gaits', termo que nos dialectos xermánicos alude á cabra, con cuxa pel se fai o fol da gaita.

- 1 Cando se creou a gaita galega?
- 2 Que diferenza hai entre a gaita galega e as gaitas escocesa e asturiana?
- 3 Que foi o Rexurdimento?

♪ **Cantares gallegos**: Velaquí un fragmento da mesma obra no que a nosa autora reflexiona sobre o libro *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro. Logo de lelo, contesta as preguntas.

Cando en 1863 Rosalía publica os *Cantares Gallegos* todo este entramado simbólico no que se relaciona o canto e a música popular co idioma e, en xeral, coas reivindicacións patrióticas constituía xa un terreo ben sementado. De feito, segundo as súas propias palabras, a autora toma exemplo de Antonio Trueba, seleccionando cantares populares sobre os cales constrúe unhas extensas glosas poéticas como o autor fixera noutro idioma.

- 1 Que opinión ten Luisa sobre o feito de relacionar o canto e a música popular co idioma e as reivindicacións patrióticas? Xustifica a túa resposta con palabras do texto.
- 2 Investiga sobre o xénero e a temática de *Cantares gallegos* e escolle un poema da obra para recitar e comentar na clase. Podes atopar a ficha e a obra nesta ligazón do CCG:  
<https://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=1740>



## Clasificando instrumentos

**instrumentos:** Escribe o nome de cada un destes instrumentos musicais e di se son de corda, vento, percusión, electrófonos ou idiófonos. Despois facede unha choiva de ideas sobre outros instrumentos que coñezades e que non aparezan na imaxe.



## Sopa de Letras

1. Procura os seguintes instrumentos:

arpa, clarinete, gaita, mandolina, pandeiro, punteiro, tamboril, zanfona, acordeón, bombo, frauta, guitarra, pandeireta, pito, saxofón, violín.

2. Despois, clasifícaos tendo en conta se son de corda, vento, percusión, electrófonos ou idiófonos.

Y	L	M	B	R	V	I	O	L	I	N	G	Z	T
H	F	P	O	Y	U	J	A	N	H	V	U	Y	O
A	R	A	M	Z	W	D	D	I	W	P	I	B	F
C	A	N	B	Z	G	H	C	F	H	U	T	M	N
O	U	D	O	S	A	X	O	F	O	N	A	Q	O
R	T	E	F	L	I	A	T	M	C	T	R	T	P
D	A	I	X	D	T	C	P	A	L	E	R	A	A
E	C	R	Z	Y	A	B	I	N	A	I	A	M	N
O	X	E	S	Y	Y	F	T	D	R	R	D	B	D
N	E	T	B	O	F	P	O	O	I	O	A	O	E
E	T	A	W	H	N	V	J	L	N	N	R	R	I
A	Q	O	R	H	E	W	T	I	E	Z	P	I	R
N	Q	Z	F	A	H	X	H	N	T	L	A	L	O
Z	A	N	F	O	N	A	S	A	E	A	L	K	Q

## 7 Rumbo á docencia: "A nena que aínda teño de chegar a ser"



No cartel 7 recóllese o labor de Luís Villalta como profesora de Lingua e Literatura Galega, a pegada que deixou no seu alumnado ao que lle inculcou a importancia do coñecemento e a reflexión, e o seu sentir respecto desta profesión, que entendía como "un servizo... para a formación individual... e para a consecución dunha sociedade máis madura".

📍 **Visita o metaverso** do cartel 7 para acceder ás imaxes, vídeos e actividades interactivas sobre o labor docente da autora: <https://www.spatial.io/s/Docencia-Luís-Villalta-Cartel-7-65a3fc2bb3c55110605c280f?share=6086443247211591484>



Sala 1



Sala 2



Sala 3



Sala 4



Sala 5

📍 **Escape room da docencia de Villalta**, que atoparás no metaverso ou nesta ligazón: <https://view.genial.ly/65a439e5771ef700149645b1/interactive-content-escape-room-a-aventura-do-saber>



📍 **Educando a sociedade**: Velaquí un fragmento do ensaio "Mitos sobre a educación", escrito por Luisa para o semanario *A Nosa Terra*. Logo de lelo, responde as preguntas que aparecen a continuación:

O que entendíamos até o de agora por educación era unha posibilidade, efectiva ou non, mais posibilidade ao fin, de fluencia entre as clases sociais e de mellora, tanto no económico, como nese impagábel degrau de conciencia que ía permitendo ás clases medias gozar dunha certa autonomía crítica fronte á presión social.

- 1 Estás de acordo coas palabras da autora cando fala da educación como "posibilidade de fluencia entre as clases sociais e de mellora... no económico"? Razoa a resposta.
- 2 Cres que na sociedade actual é máis doado subir ou baixar na escala social por mor da educación que se reciba? Argumenta a túa resposta con exemplos reais.
- 3 Realizade un pequeno debate na aula sobre a importancia que para vós ten a educación tanto no plano individual como para a sociedade en xeral.

☞ **Ensino e uso da lingua galega:** Le este texto extraído do artigo "Emigrar en terra propia", escrito por Villalta para *A Nosa Terra*, e responde as seguintes preguntas:

É ben sabido que somos xente emigrante. Pero o que poucas veces se pensa é que para emigrar non fai falta moverse do sitio. E isto é o que nos pasa a nós, que *somos emigrantes*, saímos da terra ou non. O que acontece coa lingua é todo un síntoma do que estou dicendo, e até nen creo que sexa o único, pero si o más dramático. Cántanme dunha muller, amiga da nai dun alumno non moi estudo, que se aprontou a darré un consello: "Que non faga o tonto. E total p`ra que quere o teu fillo o gallego? Co gallego non pasa de Astorga!" [...]. Paréceme un exemplo elocuente dun sentir extendido. A lingua é a primeira estrada a coller se as cousas se poñen mal e, como moi ben nunca andan tampouco, pois hai que poñerse, por se acaso, permanentemente en camiño, non sexa que quedemos atrás. E falo en plural porque hai un *nós* colectivo que ten asimilado este significado do recambio lingüístico [...]. Máis que sangrado imparábel do noso espírito colectivo, creo que as cotas actuais de desuso do galego son a alarmante cuantificación dun éxodo. A perspectiva real ou imaxinaria de que a vida sempre está noutra parte fixo arraigar en nós o lado más desestabilizador e debilitante da modernidade. Mais emigrar é non perder nunca de vista a posibilidade do retorno.

- 1 Resume en dúas ou tres liñas a idea central do fragmento.
- 2 Que preconceptos da sociedade galega impiden a normalización no emprego da lingua?
- 3 Coidas que o galego na época en que Villalta foi profesora se empregaba más ou menos que na actualidade?
- 4 Realizade unha enquisa na vosa aula sobre o uso do galego entre os compañeiros e as compañeiras. Logo abride un pequeno debate para falardes dos resultados e facer propostas que axudarían a mudar a situación.

Uso do galego	Sempre	Moito	Bastante	Pouco	Nunca
No centro educativo					
Coa familia					
Coas amizades					
Con persoas descoñecidas					

♪ Deseñade unha campaña de sensibilización sobre o uso da lingua no voso centro educativo. Buscade un lema.

Antes de comezar, teredes que determinar os seguintes aspectos:

- Obxectivo** que queredes conseguir con esta campaña: que se fale máis na casa, no colexio, nos lugares de lecer; que se escriba nos foros, nas redes sociais, na publicidade...
- Público** ao que vai dirixida, para o que cómpre concretar a idade, nivel social, cultural e económico, estilo de vida, ocio ou área xeográfica.
- Medio** que se vai empregar para difundila: a radio, as redes sociais, publicidade etc.
- Mensaxe** que se quere transmitir: que sexa clara e atractiva, que se recorde.
- Métricas de **impacto**: determinade como ides medir o impacto que teña a campaña.



### ♪ Sopa de Letras:

Procura as seguintes localidades, materias e nomes dos institutos nos que Luís Villalta impartiu docencia (Canido, Ferrol, Isaac Díaz Pardo, Lingua Galega, Oleiros, Sada, Literatura, Xosé Neira Vilas). Tamén os podes localizar de xeito virtual na seguinte ligazón:

[www.educima.com/wordsearches/docencia\\_Luís\\_Villalta-2b29751ab1ed487dac79fe8500fc29d6](http://www.educima.com/wordsearches/docencia_Lu%C3%ADsa_Villalta-2b29751ab1ed487dac79fe8500fc29d6)

D	T	S	T	L	U	N	W	G	L	X	G	I	P
Z	D	N	Y	I	S	R	F	J	I	O	L	S	Q
A	O	R	W	W	U	G	K	R	T	S	I	A	O
S	A	D	A	S	G	O	M	K	E	É	N	A	K
U	Q	O	L	E	I	R	O	S	R	N	G	C	A
G	Q	R	I	U	T	X	V	J	A	E	U	D	L
P	H	I	O	L	R	Q	W	W	T	I	A	Í	C
X	C	A	N	I	D	O	U	M	U	R	G	A	A
P	F	C	N	D	M	P	H	R	R	A	A	Z	M
I	E	E	K	V	O	C	S	X	A	V	L	P	D
J	R	I	J	W	O	U	A	F	B	I	E	A	U
I	R	D	R	U	T	T	Q	U	X	L	G	R	A
C	O	Y	K	G	K	B	I	B	Q	A	A	D	A
O	L	S	T	F	B	X	H	Y	D	S	N	O	I

## 8 Rumbo ao feminismo: "A inmensidade do espazo que temos para voar"



"Silencio me chaman porque neste tempo en que vivo non se me escucha. Mentre a miñas compañeiras pasan o día no castelo ocupadas en obligacións relacionadas co estudio de inutilidades e coas angueiras do viver diario, [...] eu querería contar cousas que os meus ollos ven, os meus sentidos senten e a miña memoria lembra."

O cartel 8 constitúe unha síntese do pensamento feminista de Luís Villalta. Os seus ensaios na revista *Festa da Palabra Silenciada* ou os versos que impregnán a obra *Papagaio* son a mellor mostra da súa defensa a prol da igualdade de xénero.

Visita o metaverso do cartel 8 para acceder a fragmentos da súa obra, ás imaxes, vídeos e actividades interactivas: <https://www.spatial.io/s/Feminismo-Luís-Villalta-Cartel-8-65a403cb77ea439c4edd5d00?share=6758522284800815334>



Sala 1



Sala 2



Sala 3



Sala 4



Sala 5

Visita o metaverso do feminismo de Villalta, que atoparás no metaverso ou nesta ligazón: <https://view.genial.ly/65a7452a7c15110014e50058/interactive-content-feminismo-Luís-Villalta>



Mulleres na historia: Na revista *Festa da Palabra Silenciada*, Luisa Villalta escribiu o poema "As damas que antano cantaron", un bo exemplo do que se denomina "escrita feminista". Consulta a páxina 84 deste monográfico e completa esta parte do poema coas palabras do cadro: [https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_ig\\_pub2001\\_Festa-da-Palabra\\_16.pdf](https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_ig_pub2001_Festa-da-Palabra_16.pdf)

Cantar o cantar dos cantares, de Safo-alceu a safiduría, con Afrodita nos mares inclinando-te para que te \_\_\_\_\_, e Helena para que saibas como morre o Cazador por ti e por amor da morte.

O cantar de Exéria á ida e o de Prócula á volta, cos teus andares camiños entre as \_\_\_\_\_ do tempo.

De Hildegarda o latín que aprendeche en segredo, nos \_\_\_\_\_ da noite, para acabar, case antonte, na \_\_\_\_\_ dun disparo.

De Murasaki Shikibu as columnas de signos que sosteñen Xapón e o teu escreber desde o \_\_\_\_\_ do s mares.

De Rosa, Marie, Rosalía, Florbela, Dolores, Virxinia, Simone e porque nunca seus nomes esqueza ninguén de cantar Frida Khalo.


interxección	conventos	baladas	despeñes	fundo
--------------	-----------	---------	----------	-------

- 1 Busca información na rede sobre a vida das mulleres mencionadas nos versos.
- 2 Fai unha pequena presentación ou un currículo dunha delas coa información procurada.
- 3 Cal pensas que é o desexo de Villalta ao escribir este poema?
- 4 Agora escoita o "Rondeau das señoras donas", de Álvaro Cunqueiro:  
<https://go.ivoox.com/rf/18083071>. Que similitudes atopas entre este texto e o de Villalta?
- 5 Cres que Villalta tomou o poema de Cunqueiro como referencia para elaborar o seu? Xustifica a túa resposta.

6 Nesta sopa de letras, descubre os nomes das mulleres homenaxeadas no Día das Letras Galegas ata o 2024, e o ano en que foron celebradas. Cantas foron en total? Por que pensas que son tan poucas?

**De quen estamos a falar?** Dividide a clase en pequenos equipos. Cada un deles debe pescudar sobre a vida e obra dunha das mulleres homenaxeadas no Día das Letras Galegas. Logo escribirá un breve texto autobiográfico dessa autora. Cando o expoña, os demais grupos terán que adiviñar de quen se trata.

#### Homenaxeadas Letras Galegas



✍ **A escrita feminina:** Velaquí un fragmento do ensaio "Mulleres si, pero", publicado por Luísa en *Festa da Palabra Silenciada*. Leo e contesta as seguintes preguntas.

Faga o que faga, `algo' me lembra sempre que son `unha muller'. Por desgracia e por fortuna, inseparabelmente e nunca neutralmente [...].

Entón, se eu estou simplemente en casa traballado, como calquera, e me vén a cuestión á cabeza, por si mesma ou por ler `A festa da palabra xa se sabe (non o digo por se acaso)', nese momento é cando eu, sorprendida, volvo en min e digo: ah, aquí hai un problema, `ese' é o problema, o `defecto'. E sen necesidade de mirarme ao espello convénzome de que son muller.

Una vez que me repoño, encontro que só existen dúas formas de actuar. A primeira é negar o problema [...].

Claro, se fago isto, desazóname axiña outra cuestión. Como escritora responsábel, onde vai entón o meu sentido crítico, a miña xusta medida da realidade?

[...] Entón paso a pensar na segunda opción. Afirmo que o problema existe e non só o afirmo senón que o exibo e me comprazo en facérlelo saber a cuntos me len.

[...] Ten que haber outra maneira. E ocórresemel que ben pode vir da superación dun complexo que creo existe tanto nun caso como noutro. Podemos, como Freud, pensar nun título inspirado nun mito, non tan vetusto e tráxico como Edipo ou Electra, senón más ben entrañábel e que eu denomino como Complexo do Parrulo Feo. [...]

En todos os aspectos, o exemplo nos cadra ás mulleres que intentamos incorporarnos ao mundo literario habitado previamente polos homes. Primeiro queremos que non se nos note e traballamos duramente para iso. Despois, cando vemos que é demasiado difícil ou que conseguió sempre nos vai levar a destempo do paso que se nos marca, entón é cando facemos do problema un acto de inmolación. Un acto de inmolación necesario, é certo, sumamente eficaz porque ao final, na Historia, só acaban triunfando as vítimas que son capaces de xerar grandes ritos e grandes culpas.

Pero o triunfo verdadeiro só se acada cando se mira ao ceo e se ve nel a inmensidade do espazo que temos para voar. Se a isto é ao que chaman post-feminismo, esperemos que nos chegue canto antes.

1 Que tipo de publicación é a *Festa da Palabra Silenciada*?

2 No texto Villalta afirma que faga o que faga algo lle lembra sempre que é unha muller. Que quere decir con isto?

3 Cres que unha muller escritora ten más dificultades para desenvolver o seu labor que un home? Razoa a resposta.

4 As pequenas obrigas e responsabilidades diárias atribuídas ás mulleres son un impedimento para triunfarem nas súas carreiras?

5 Cantas mulleres escritoras coñeces? E homes? Pensas que é unha profesión na que as mulleres teñen as mesmas oportunidades que os homes?

6 Que quere transmitir Villalta cando afirma que o triunfo verdadeiro se acada "cando se mira ao ceo e se ve nel a inmensidade do espazo que temos para voar"?

## 9 Rumbo ao activismo social: "Comezo a expresar o necesario"



Unha das mellores mostras sobre como pensaba Luísa Villalta son os artigos xornalísticos que publicou no semanario *A Nosa Terra*. No cartel 9 podes descubrir algúns dos acontecementos históricos nos que participou e alzou a súa voz como escritora e como cidadá: a guerra de Iraq, o conflito palestino-israelí, a catástrofe ecolólica do Prestige ou as reunións a prol dun acordo ortográfico.

Visita o **metaverso** do cartel 9 para acceder a fragmentos do seu labor ensaístico, ás imaxes, vídeos e actividades interactivas: <https://www.spatial.io/s/Activismo-Social-Luís-Villalta-Cartel-9-65a40197b3c55110605c2b27?share=7061552116486563264>



Sala 1



Sala 2



Sala 3



Sala 4



Sala 5

Visita o **Escape room do activismo social de Villalta**, que atoparás no metaverso ou nesta ligazón: <https://view.genial.ly/65a73ff157f3da001486910d/interactive-content-escape-room-Luís-villalta>



Visita o documental *Luísa Villalta paixón e compromiso 1* (min 3:20 - 4:30) na seguinte ligazón: <https://youtu.be/1YKzhUo2PDE?si=3oVXFynftSle1KxO>.

Responde as preguntas:

- 1 Que causas sociais defendeu Luísa Villalta?
- 2 Cres que estes problemas ainda persisten na sociedade actual?

♪ **Marea negra:** Velaquí un fragmento do ensaio "Da indignación á dignidade" que Luísa publicou en *A Nosa Terra*. Logo de lelo, responde as preguntas.

E en certo modo é ben triste que esteamos todos de acordo en sentirnos iguais, irmáns, paralelos, equivalentes e colaboradores pola negativa, nós que nunca tivemos unha mesma idea común, compartida e activa da dignidade que agora sentimos ferida [...]

En primeiro lugar parece que está a doernos o mar, calquer que sexa a relación que teñamos con el, laboral, cultural, ou meramente paisaxística. E doer doe moito más do que nos doen os montes, que vemos arder e emporcallar sen tanta estremonia. Certo que no caso do monte, os intereses especulativos son algo más directos. Pero hai outro lado simbólico: monte hai moito, e terra non digamos, mais o mar é a nosa especialidade. Aquilo que nos diferencia e que agora pagamos precisamente por iso é tamén a causa das nosas soedades que, lembremos a Manuel Antonio, "veñen de tan lonxe como as horas do reloxe" [...]. A bandeira *Nunca Máis* representa o conflito abismal que agora se nos abre entre a vida e a morte, entre o que seremos e o que estábamos sendo. Até aí estamos todos de acordo. Só falta que o negro volva a ser branco para todos. A indignación común compromete á común reconstrucción da dignidade.

1 Que catástrofe ecolólica asolou as nosas costas nos meses anteriores á publicación deste ensaio en xaneiro de 2003? Investiga na rede as causas e consecuencias.

2 Por que di que "é ben triste que esteamos todos de acordo en sentirnos iguais"?


3 En que puntos se indica que estamos todos de acordo?

4 Reflexiona sobre a expresión "está a doernos o mar". Que significado ten para ti?

5 Le os seguintes versos do poema "Dignidade" da escritora Xela Arias e anota as similitudes que atopas respecto do ensaio de Villalta. Que quere dicirnos Xela coa metáfora "a química diplomática na fiesta da praia"?

Marea miseria invade global Galicia.  
Colleita inepta de intereses financeiros.  
Burla Negra.  
Oes o son mediático das novas nas casas,  
a química diplomática na fiesta da praia.  
Nunca más.

6 Realiza unha viñeta sobre este tráxico suceso ecológico con imaxes e diálogos. Podes deseñalo nunha cartolina ou de forma dixital en Canva.



## 10 Rumbo aos méritos: "Non me abandono e formo parte"



Bibliografía sobre  
Luís Villalta

O labor literario e persoal de Luís Villalta foi recoñecido a través de premios diversos, conmemoracións, actos públicos, homenaxes ou mesmo pola incorporación do seu nome a outros galardóns institucionais, rúas e lugares. Coa concesión do Día das Letras Galegas 2024 pónselle o mel a unha traxectoria curta pero moi frutífera.

Visita o metaverso do cartel 10 para acceder aos méritos e galardóns de Luís Villalta, imaxes e actividades interactivas: <https://www.spatial.io/s/Reconecementos-Luís-Villalta-Cartel-10-65a402ec77ea439c4edd5cb3?share=2487305997294507199>



Sala 1



Sala 2



Sala 3



Sala 4



Sala 5

Visita o metaverso do cartel 10 para acceder aos méritos e galardóns de Luís Villalta, imaxes e actividades interactivas: <https://www.spatial.io/s/Reconecementos-Luís-Villalta-Cartel-10-65a402ec77ea439c4edd5cb3?share=2487305997294507199>



Caligrama: Tras leres a información do cartel 10, pon a proba o teu enxeño e completa este caligrama con forma de violín cos premios e recoñecementos de Luisa Villalta.



♪ **Nube de palabras:** Descubre nesta nube de palabras algúns dos méritos de Luísa e logo faceste na aula unha choiva de ideas para comprobardes os resultados.



♪ **Eixe cronolóxico:** Desenvolve un eixe cronolóxico cos premios e recoñecementos que recibiu Luísa Villalta.

♪ **Muller emprendedora:** Tendo en conta todo o aprendido sobre a autora homenaxeada nesta guía, reflexionade sobre as calidades que teñen as persoas emprendedoras exitosas, e que aparecen na seguinte táboa, e indicade cales credes que demostrou ter Luísa.

Paixón	Empatía	Comunicación	Convicción	Autocrítica
Competitividade	Confianza	Creatividade	Determinación	Liderado
Disciplina	Flexibilidade	Perseveranza	Resiliencia	Teimosía
Visión	Sociabilidade	Asertividade	Proactividade	Valentía

Despois procurade a diferenza entre unha persoa emprendedora e unha persoa intraemprendedora. Decidide se o perfil de Luísa Villalta se axusta a algúns deles.



## Bibliografía

- Villalta, L. (1991). *Silencio, ensaiamos*. Editorial Vía Láctea.
- (1994). "Mulleres si, pero", *Festa da Palabra Silenciada*, páxinas 48-49.
- (1996). "As damas que antano cantaron", *Festa da Palabra Silenciada*, páxina 123.
- (1997). *Teoría de xogos*. Editorial Laiovenzo.
- (1999). *O outro lado da música, a poesía*. Editorial Galaxia.
- (2001). *As chaves do tempo*. Editorial A Nosa Terra.
- (2002). "Mitos sobre a educación", *A Nosa Terra*.
- (2002). "Emigrar en terra propia", *A Nosa Terra*.
- (2002). "Liberdades", *A Nosa Terra*.
- (2002). "Quen terma de quen", *A Nosa Terra*.
- (2003). "Da indignación á dignidade", *A Nosa Terra*.
- (2003). "Desperta do teu soño", *A Nosa Terra*.
- (2004). *En concreto*. Editorial Espiral Maior.
- (2023). *Pensar é escuro*. Editorial Galaxia.

## Webgrafía

- <https://academia.gal/>
- <https://academia.gal/dicionario/>
- [https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_ig\\_pub2001\\_Festa-da-Palabra\\_16.pdf](https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_ig_pub2001_Festa-da-Palabra_16.pdf)
- <https://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=1740>
- <https://www.canva.com/>
- <https://edu.cospaces.io/>
- <https://esculca.gal/>
- <https://go.ivoox.com/rf/18083071>
- <https://www.ige.gal/estatico/educacion/Economia/Sectores/Teoria.htm#industria1>.
- <https://www.lingua.gal/>
- <https://www.google.es/intl/es/earth/>
- <https://youtu.be/pgVhF8qP7Gc?si=L68yxhn7mpqLjQNB>
- <https://youtu.be/KRzJDE1Og1M?feature=shared>
- <https://youtu.be/T9BWB2p-Fis?si=X42BgAZw1pS05KvH>
- <https://youtu.be/vFxCWoulux4?feature=shared>
- <https://youtu.be/l-YE48MW1VQ?si=miXxGoxiRWvXSM7P>
- <https://youtu.be/T9BWB2p-Fis?si=X42BgAZw1pS05KvH>
- <https://youtu.be/1YKzhUo2PDE?si=3oVXFynftSle1KxO>
- <https://es.wikipedia.org/>



CENTRO INTEGRADO DE  
FORMACIÓN PROFESIONAL  
A CARBALLEIRA-MARCOS VALCÁRCEL